

Á hora de analiza-lo sector exterior da comunidade galega en 1998, vaise partir das características xerais do mesmo atendendo ós datos amosados polo IGE, o INE, a Dirección General de Aduanas, o Instituto de Comercio Exterior (ICEX), a Dirección Rexional de Comercio Exterior en Galicia, a Dirección General de Economía Internacional, Transacciones Exteriores e o Registro de Inversiones Españolas en el Exterior.

O punto de partida da análise é a delimitación do concepto de sector exterior galego. Por unha banda, a “Contabilidade Rexional de Galicia” segue o criterio de tratamento homoxéneo de tódolos fluxos exteriores, independentemente de que teñan a súa orixe/destino no resto de España, na UE ou no resto do mundo. Pola outra, o ICEX e a Dirección Rexional de Comercio empregan unha metodoloxía diferente, considerando como exportacións ou importacións só o que sae ou entra de/en España. Dada a limitación temporal, o presente capítulo centrase basicamente no segundo criterio mencionado.

Ó longo de 1998, en comparación co que acontece no contexto español, obsérvase un maior dinamismo no comercio exterior galego, rexistrándose un crecemento do 11,72% en termos nominais fronte ós 8,71% rexistrado polo comercio exterior de España. No que respecta á actividade exportadora, o valor das exportacións galegas acadou os 884.170,4 millóns de pesetas, cun crecemento nominal de 8,74% (6,69% para o conxunto do estado), en tanto que o valor das importacións ascendeu a 1.023.969,8 millóns de pesetas, o que representa un crecemento do 14,42% respecto o valor do ano anterior (10,42% en España).

A balanza comercial galega presenta polo tanto un **déficit** de 140.291 millóns de pesetas (fonte ICEX), que casi duplica ó rexistrado o ano anterior, situándose a taxa de cobertura, recollida no **cadro 1.3.1.**, no 86,3% (en 1997 era do 91,3%), catro puntos por riba da experimentada por España, que foi do 82,1% (en 1997 era do 85,0%). Comparada co resto das comunidades autónomas, ó igual que no ano anterior, en 1998 Galicia ocupaba o undécimo posto, tal e como reflicte o **cadro 1.3.2.**

CADRO 1.3.1.

Taxas de cobertura do comercio exterior 1997-98

	1997	1998
OCDE	100,29	98,48
UE	106,36	105,43
Galicia	90,86	86,35
España	84,98	82,11

Fonte: IGE, INE

CADRO 1.3.2.

Taxas de cobertura do comercio exterior das CC.AA. 1997-98

	1997	1998
Andalucía	104,0	110,8
Aragón	122,7	117,2
Asturias	96,0	89,6
Baleares	59,3	50,4
Canarias	26,7	21,8
Cantabria	86,0	78,1
Castela-A Mancha	75,7	76,3
Castela-León	103,3	100,3
Cataluña	78,0	75,8
Comunidade Valenciana	144,9	139,7
Extremadura	232,6	209,3
Galicia (1)	91,3	86,3
A Coruña	79,2	70,4
Lugo	118,8	97,0
Ourense	212,2	213,3
Pontevedra	90,6	88,8
Madrid	37,5	35,7
Murcia	125,0	137,0
Navarra	147,3	138,1
País Vasco	147,0	141,7
A Rioxa	159,6	157,8
Total	85,0	82,1

(1) a taxa de cobertura de Galicia en 1997 segundo o IGE foi o 90,9. Os datos provinciais empregados son os publicados polo IGE.

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e da Dirección General de Aduanas

Finalmente, no estudo do comercio exterior galego, apréciase un reforzamento da **concentración** e **especialización** do comercio exterior galego. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 63,8% do comercio exterior da comunidade. Pola outra, aumenta o peso relativo das exportacións e importacións galegas á comunidade europea, onde Francia e Portugal seguen a se-los principais socios comerciais de Galicia.

Atendendo ós produtos, tamén se constata a devandita especialización do noso sector exterior. Así, os capítulos arancelarios 87 (vehículos automóbiles,

tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios) e o 03 (peixe e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) corresponden ós primeiros capítulos das importacións e das exportacións, supoñendo o 46,36% e o 52,66% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. Se temos en conta o peso relativo dos 10 primeiros capítulos arancelarios no caso das importacións e exportacións, apréciase un crecemento da concentración das mesmas xa que aumenta o seu peso relativo para situarse no 76,75% do total das exportacións e no 78,07% no caso das importacións galegas en 1998.

CADRO 1.3.3.

Importacións 1997-98

(en millóns de pesetas)

	IGE			ICEX	
	1997 (1)	1998 (2)	98/97	1998 (1)	98/97
A Coruña	294.408,8	313.327,0	6,43	312.792	6,44
Lugo	39.299,3	42.488,3	8,11	42.288	9,29
Ourense	20.191,4	23.052,6	14,17	22.897	16,10
Pontevedra	541.007,4	645.101,9	19,24	644.343	20,89
Total	894.906,9	1.023.969,8	14,42	1.022.321	14,62
España	17.966.455	19.838.004	10,42	19.838.005	10,42
G/E (%)	4,98	5,16		5,15	

(1) datos provisionais


(2) avance

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e ICEX

GRÁFICO 1.3.1.

Importacións 1998: distribución provincial

(% sobre o total)



Fonte: IGE

En canto ó **investimento galego no estranxeiro**, salienta a escasa importancia do mesmo, xa que representa o 0,82% do total investido por España en 1998. Os principais destinos do investimento de Galicia foron os Países Baixos, Portugal, Namibia e Australia. Na súa distribución sectorial destaca a importancia da agricultura e gandería, que supón o 44,94% do total investido pola comunidade galega, e o sector comercio, que representa o 33,46% do total.

mo do sector galego que do estatal, o peso relativo do valor das importacións e das exportacións aumenta en 1998, para situarse no 5,15% e 5,41%, respectivamente.

No ano 1998, produciuse un aumento importante do saldo negativo da balanza comercial galega (140.291 millóns de pesetas en 1998 fronte ós 77.325 millóns do ano anterior), por mor do maior crecemento das importacións que das exportacións, tal e como se amosa nos devanditos **cadros 1.3.3. e 1.3.7.**

1.3.1.- Comercio exterior

A importancia do sector exterior galego reflíctese nos **cadros 1.3.3. e 1.3.7.** Neles apréciase que, dado o maior dinamis-

Dadas as características xerais da situación comercial, para comprenderlo continuo déficit da balanza comercial galega cómpre facer unha análise por separado das importacións e exportacións galegas.

CADRO 1.3.4.

Importacións 1998 (1): distribución sectorial

	Importe	98/97	Sector/Total	G/E
	(en millóns de pesetas)		(%)	
Enerxéticos	94.726	-20,81	9,27	7,34
Non enerxéticos	927.596	20,11	90,73	5,00
Sector primario	311.486	14,35	30,47	9,22
Productos agrícolas	245.605	13,31	24,02	10,35
Materias primas	65.881	18,43	6,44	6,54
Semimanufacturas	111.245	13,09	10,88	2,39
Industria química	51.254		5,01	1,78
Metals	54.622	9,88	5,34	3,54
Outras semimanufacturas	5.369	18,20	0,53	2,36
Manufacturas	504.865	25,73	49,38	4,80
Bens de equipamento	419.778	25,25	41,06	5,25
Maquinaria	119.048	20,87	11,64	2,61
Materiais de transporte	300.729	27,07	29,42	8,77
Bens de consumo	85.087	28,17	8,32	3,36
Peletería	4.613	13,66	0,45	2,55
Téxtiles	66.356	37,36	6,49	6,56
Outros bens de consumo	14.118	0,70	1,38	1,06
Total	1.022.322	14,62	100,00	5,15

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

• **Importacións**

No concerne ás importacións, no **cadro 1.3.3.** pódese aprecia-lo diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas, así como o diferente peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade. O valor das importacións galegas creceu en 1998, segundo os datos do IGE, un 14,42% respecto ó ano anterior, fronte ó 10,42% experimentado por España. Dadas as diferentes taxas de crecemento, o peso relativo das importacións galegas no total español aumentan desde un 4,98% do ano 1997 ata os 5,16% do ano 1998.

Pontevedra segue a se-la provincia máis importadora, acollendo o 63,0% do valor total das importacións galegas, en tanto que Ourense e Lugo son as que teñen unha menor participación nos intercambios de Galicia co exterior, ó representa-lo 2,3% e o 4,1%, respectivamente (**gráfico 1.3.1.**).

Nunha **análise sectorial** das importacións, recollida no **cadro 1.3.4.**, o peso das importacións de productos enerxéticos descende lixeiramente, mentres que aumenta, loxicamente, a importancia relativa das importacións dos productos non enerxéticos. Ó igual que aconteceu no ano 1997, tódolos sectores (primario, semimanufacturas e manufacturas) aumentan o seu peso relativo no contexto estatal, especialmente o sector primario e as manufacturas.

No caso galego, o comportamento xa non é homoxéneo. Tal e como se observa no **cadro 1.3.4.**, só as importacións de manufacturas, tanto no caso dos bens de equipamento como no caso de bens de consumo, aumentan a súa importancia relativa no total das importacións galegas, pasando de representa-lo 44,89% ó 49,38% en 1998.

As causas desa evolución pódense reflectir nunha análise máis desagregada.

CADRO 1.3.5.
Importacións 1998 (1): principais capítulos e importacións de Francia, Portugal e o Mercosur
(en millóns de pesetas)

Nº	Cap-	Denominación	Importe	98/97	Cap. /Total imp.	Francia	Portugal	Mercosur
(%)								
1	87	Automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	294.405	27,41	28,80	269.260	3.033	
2	3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	179.496	21,45	17,56	5.227	10.423	32.767
3	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	100.080	17,44	9,79	60.081	1.535	196
4	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	94.726	-20,81	9,27	1.470		185
5	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	33.139	15,27	3,24	1.314	8.049	5.137
6	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	20.576	41,46	2,01	632	10.442	96
7	72	Fundición, ferro e aceiro	20.514	21,64	2,01	5.161	1.399	256
8	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	19.140	35,07	1,87	692	11.702	
9	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	18.969	42,93	1,86	5.522	3.245	
10	76	Aluminio, e manufacturas do aluminio	17.054	0,84	1,67	2.277	1.385	
Total dos principais capítulos			798.099		78,07	351.636	51.213	38.637
Resto			224.222		21,93	24.036	31.051	15.496
Total			1.022.322	14,62	100,00	375.672	82.264	54.133

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

No que respecta ó **sector primario**, que representa o 30,47% do valor total das importacións galegas e o 9,22% das importacións españolas do sector, a partida máis importante é a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que, despois de aumentar un 21,45% respecto ó ano anterior, representan o 17,56% do total das importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para 1998 tamén está o capítulo 44 (Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 3,24% do valor total das importacións galegas.

As importacións de **semimanufacturas**, **cadros 1.3.4. e 1.3.5.**, ó igual que no caso do sector primario, crecen por debaixo da media do crecemento das importacións galegas, representando o 10,88% das importacións totais de Galicia e o 2,39% das importacións españolas de semimanufacturas. Entre os dez primeiros capítulos de importación de Galicia ató-

panse os capítulos 72 (fundición, ferro e aceiro), que incrementa o valor das súas importacións nun 21,64%, e o capítulo 76 (aluminio e manufacturas de aluminio), que experimenta un leve incremento do valor, co 0,84%, e representa o 1,67% das importacións galegas.

No concernente ás importacións de **manufacturas**, que son o compoñente máis importante das compras galegas no exterior (significan o 49,38% das mesmas), salienta que, tanto no caso das importacións de bens de equipamento como no caso de bens de consumo, crecen por riba da media galega: un 25,73% respecto ó ano anterior.

Entre os capítulos de importación máis importantes destaca o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e representa o 28,80% das importacións galegas; o 84 (reactores nucleares,

CADRO 1.3.6.


Importacións 1997-98: distribución xeográfica segundo orixe

	1997		1998	
	importe (en millóns de pesetas)	%	importe (en millóns de pesetas)	%
Países UE	568.182,8	63,67	663.106,2	64,76
Bélxica e Luxemburgo	10.281,1	1,15	9.702,6	0,95
Dinamarca	2.845,1	0,32	3.434,6	0,34
Francia	310.511,6	34,80	375.868,8	36,71
Grecia	461,3	0,05	712,6	0,07
Países Baixos	14.736,8	1,65	17.823,6	1,74
Irlanda	4.184,7	0,47	6.307,5	0,61
Italia	40.415,8	4,53	51.783,0	5,06
Portugal	71.722,1	8,04	82.780,3	8,08
Reino Unido	69.344,2	7,77	58.046,1	5,67
Alemaña	34.620,7	3,88	44.803,6	4,38
Austria	1.130,1	0,13	1.715,7	0,17
Finlandia	2.630,4	0,29	3.470,6	0,34
Suecia	5.299,1	0,59	6.657,3	0,65
Resto Europa	33.268,0	3,72	42.183,2	4,12
Estados Unidos	36.844,5	4,13	36.114,8	3,53
Resto do mundo (1)	254.066,5	28,47	282.565,5	27,60
Total	892.361,8	100,00	1.023.969,8	100,00

(1) inclúe outros países e orixes indeterminadas
Fonte: IGE

GRÁFICO 1.3.2.

Importacións procedentes da UE en 1998
(% sobre o total)



(1) Bélxica e Luxemburgo, Dinamarca, Irlanda, Austria, Finlandia, Suecia e Grecia: por debaixo do 1%
Fonte: IGE

calderas, máquinas, aparatos mecánicos, partes), que é a terceira partida importadora; e as partidas incluídas dentro do sector téxtil, que son as que experimentan un maior crecemento en 1998, ó creceren, no seu conxunto, un 37,36% respecto ó ano anterior.

A **distribución xeográfica** das importacións galegas en 1998 amosa, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. En relación ó ano anterior, o seu peso relativo aumentou, segundo os datos do IGE, ata ó 64,76% do valor total das importacións,

cando en 1997 esa porcentaxe era do 63,67%. Este aumento das importacións comunitarias vai unido ó crecemento das relacións co resto de Europa, como amosa o **cadro 1.3.6.**, co que aumenta a concentración das importacións no continente europeo, en tanto que descende o peso relativo das importacións dos Estados Unidos e do Resto do Mundo.

Dentro da Unión Europea, o principal proveedor de Galicia é **Francia**, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo. O valor total das importacións francesas ascende a 375.672 millóns de pesetas, o que supón o 36,75% do total das importacións galegas en 1998, cando o ano anterior esa porcentaxe ascendeu ó 35,0%.

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87), que, cun importe de 269.260 millóns de pesetas, supón o 71,67% do total do valor das súas importacións, e representan o 91,45% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo posto corresponde ó capítulo 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), cun importe de 60.081 millóns de pesetas, o que representa o 15,99% do total das importacións francesas e o 60,03% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das importacións galegas de **Portugal**, que representan o 8,% do total das compras ó exterior en 1998 (7,9% en 1997), as dúas primeiras partidas estarían englobadas dentro de sector téxtil e o capítulo 03 sería a terceira partida importadora. Os capítulos 61 (prendas e complementos de vestir, de punto) e 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto) suman un total de 22.144 millóns de pesetas, o que significa o 26,92% do total das importacións portuguesas e o

55,76% do total das importacións galegas destes dous capítulos tomados no seu conxunto.

Finalmente, as importacións galegas dos países do **Mercosur** ascenden a 54.133 millóns de pesetas e representan o 5,29% do total das importacións galegas, fronte ó 5,28% do ano anterior. Entre os capítulos arancelarios máis importantes salientan as importacións de produtos do capítulo 03, que supón un 60,53% das importacións procedentes desa área económica e un 18,25% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

• Exportacións

No que á análise das exportacións se refire, no **cadro 1.3.7.** pódese apreciar o maior dinamismo do sector exportador galego, que crece, segundo os datos do IGE, un 8,74% en 1998 respecto ó ano anterior, fronte ó 6,69% rexistrado por España. Dadas as diferentes taxas de crecemento, o peso relativo das exportacións galegas no total español aumenta desde un 5,33% do ano 1997 ata os 5,43% do ano 1998.

Ó igual que acontece coas importacións, no caso das exportacións existe unha maior **concentración** das mesmas na provincia de Pontevedra, onde tras un crecemento do 16,86% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 64,8%. Lugo e Ourense, a pesares do crecemento desta última, seguen sendo as provincias menos exportadoras, cunha importancia relativa do 4,7% e do 5,6%, respectivamente (**gráfico 1.3.3.**)

Atendendo á **distribución sectorial** das exportacións galegas, o **cadro 1.3.8.** reflicte que en 1998 aumenta o peso relati-

CADRO 1.3.7.

Exportacións 1997-98

(en millóns de pesetas)

	IGE			ICEX	
	1997 (1)	1998 (2)	98/97	1998 (1)	98/97
A Coruña	233.201,0	220.721,5	-5,35	220.138	-4,57
Lugo	46.667,9	41.225,5	-11,66	41.150	-14,45
Ourense	42.839,3	49.171,5	14,78	48.977	15,17
Pontevedra	490.378,2	573.051,9	16,86	571.765	17,49
Total	813.086,4	884.170,4	8,74	882.030	8,71
España	15.267.643	16.289.593	6,69	16.289.593	8,71
G/E (%)	5,33	5,43		5,41	

(1) datos provisionais


(2) avance

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e ICEX

GRÁFICO 1.3.3.

Exportacións 1998: distribución provincial

(% sobre o total)



Fonte: IGE

CADRO 1.3.8.

Exportacións 1998 (1): distribución sectorial

	Importe	98/97	Sector/Total	G/E
	(en millóns de pesetas)		(%)	
Energéticos	22.941	-6,86	2,60	6,71
Non enerxéticos	859.090	9,19	97,40	5,39
Sector primario	228.357	7,46	25,89	7,44
Productos agrícolas	174.389	12,17	19,77	6,92
Materias primas	53.968	-5,38	6,12	9,79
Semimanufacturas	120.870	-3,65	13,70	3,40
Industria química	37.468	7,02	4,25	2,06
Metais	41.138	-19,53	4,66	3,46
Outras semimanufacturas	42.264	7,50	4,79	7,79
Manufacturas	509.862	13,61	57,81	5,47
Bens de equipamento	415.844	25,67	47,15	5,93
Maquinaria	30.164	1,18	3,42	1,11
Materiais de transporte	385.680	28,10	43,73	8,98
Bens de consumo	94.018	-20,26	10,66	4,06
Peletería	5.363	7,95	0,61	4,34
Téxtiles	66.992	48,23	7,60	8,91
Outros bens de consumo	21.663	-68,02	2,46	1,51
Total	882.030	8,71	100,00	5,41

(1) datos provisionais

Fonte: ICEX

CADRO 1.3.9.
Exportacións 1998 ⁽¹⁾: principais capítulos e exportacións a Francia, Portugal e o Mercosur
(en millóns de pesetas)

Nº	Cap-	Denominación	Importe	98/97	Cap./Total exp.	Francia	Portugal	Mercosur
(%)								
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	384.014	21,92	43,54	171.673	17.918	6.535
2	3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	80.420	7,90	9,12	6.005	32.226	859
3	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	41.680	41,61	4,73	10.647	12.916	1.522
4	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	41.060	28,01	4,66	6.369	3.975	512
5	68	Manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas	38.743	7,65	4,39	13.737		169
6	89	Navegación marítima ou fluvial	37.559	141,08	4,26		3.051	
7	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	25.852	8,92	2,93	3.146	10.297	250
8	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	22.941	-6,86	2,60	2.588		
9	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	21.774	-20,97	2,47	2.089	7.904	72
10	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	18.889	59,24	2,14	4.426	6.024	596
Total dos principais capítulos			676.931		76,75	220.680	94.311	10.515
Resto			205.099		23,25	21.933	83.731	4.672
Total			882.031	8,71	100,00	242.613	178.042	15.187

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

vo das exportacións galegas no total español tanto no caso dos produtos enerxéticos como no dos non enerxéticos. Non obstante, nunha maior desagregación, descenden tanto o peso relativo das exportacións de semimanufacturas (pasa do 3,74% de 1997 ó 3,40% do ano 1998) por mor do descenso dos seus tres compoñentes, como o peso relativo das exportacións de bens de consumo, onde o comportamento positivo do sector téxtil é superado pola perda de importancia da peletería e de outros bens de consumo.

Centrando o estudio no contexto galego, o valor das exportacións galegas de produtos non enerxéticos ascende no ano 1998 a 859.090 millóns de pesetas (un 9,19% máis que no ano anterior), o que significa o 97,40% do valor total das exportacións galegas, cando no ano anterior significaba o 96,96%. O **cadro 1.3.8.** reflicte un aumento da importancia relativa das exportación de bens de equipamento (pásase dun

40,91% ó 47,15% no 98) e das manufacturas (pásase dun 55,47% a un 57,81%), permanecendo practicamente constante á dos produtos do sector primario.

Tal e como reflicten os **cadros 1.3.8.** e **1.3.9.**, o **sector primario** experimenta un crecemento inferior ó rexistrado polas exportacións galegas por mor da evolución das materias primas. Entre os primeiros capítulos exportadores salienta o peso dos capítulos de produtos agrícolas 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de peixe ou crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos) que representan, respectivamente, o 9,12% e o 4,66% das importacións galegas. Tamén destaca, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que, tras un crecemento do 8,92% respecto ó ano anterior, representa o 2,93% das exportacións galegas.

CADRO 1.3.10.

Exportacións 1997-98: distribución xeográfica segundo destino


	1997		1998	
	importe (en millóns de pesetas)	%	importe (en millóns de pesetas)	%
Países UE	613.627,5	75,47	705.433,6	79,78
Bélxica e Luxemburgo	33.984,3	4,18	45.139,6	5,11
Dinamarca	1.221,9	0,15	1.617,4	0,18
Francia	195.497,3	24,04	242.696,9	27,45
Grecia	11.200,5	1,38	15.043,6	1,70
Países Baixos	16.172,5	1,99	17.288,0	1,96
Irlanda	2.138,5	0,26	3.749,4	0,42
Italia	66.922,9	6,69	67.025,3	7,58
Portugal	160.740,1	19,77	179.053,6	20,25
Reino Unido	53.242,4	6,55	52.351,4	5,92
Alemaña	59.118,9	7,27	70.413,1	7,96
Austria	5.118,3	0,63	4.543,1	0,51
Finlandia	1.752,0	0,22	1.219,8	0,14
Suecia	3.371,6	0,41	2.976,9	0,34
Resto U.E. (1)	3.146,2	0,39	2.315,7	0,26
Resto Europa	28.165,6	3,46	34.318,1	3,88
Estados Unidos	20.640,3	2,54	18.625,7	2,11
Resto do mundo (2)	150.634,3	18,53	125.793,1	14,23
Total	813.067,7	100,00	884.170,5	100,00

(1) inclúe avituallamento e combustibles países UE, países non determinados UE e países non precisados UE por razóns militares

(2) inclúe outros países, e orixes indeterminadas

Fonte: IGE

GRÁFICO 1.3.4.



(1) outros: Irlanda, Dinamarca, Finlandia, Suecia, Austria e o resto da UE

Fonte: IGE

O valor das exportacións das **semi-manufacturas** redúcese un 3,65% en 1998 por mor do efecto da caída das exportacións de metais, que se reducen un 19,53% respecto ó valor do ano anterior. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia están o 68 (manufacturas de pedra, xeso, cemento,

amianto, mica ou materias análogas), que representa o 4,39% das exportacións galegas despois de crecer un 7,65% respecto ó ano anterior, e o capítulo 76 (aluminio e manufacturas de aluminio) que, a pesares do descenso do 20,97%, representa o 2,47% das vendas de Galicia ó exterior.

A exportación de **manufacturas**, igual que no caso das importacións, presentan un crecemento do seu importe superior á media galega, cun aumento do 13,61% respecto ó ano anterior. A diferenza do que acontecía nas importacións, o crecemento do importe das exportacións de bens de equipamento compensa o descenso no caso das exportacións de bens de consumo. Dentro das exportacións de bens de equipamento, sobresa o comportamento dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), cun crecemento do 21,92%, representa o 43,54% das exportacións galegas. No caso das exportacións de bens de consumo, o importe das exportacións dos téxtiles aumenta un 48,23% respecto ó ano anterior, significando ó 7,60% das exportacións galegas.

No concernte á **distribución xeográfica** das exportacións, tal e como se reflicte no **cadro 1.3.10.**, a UE é, dado o contexto internacional no que nos atopamos, o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do IGE, dos 705.433,6 millóns de pesetas que representan as exportacións galegas á UE (o 79,78% das exportacións totais galegas), as vendas a Francia supoñen o 27,45%, en tanto que as exportacións portuguesas son o 20,25% do total. Alemaña e Italia séguenlle en importancia, con preto dun 8% das exportacións galegas a cada un deses países.

Ó igual que sucedía coas importacións, no caso das exportacións hai unha concentración maior nos países europeos en tanto que as exportacións ós Estados Unidos e ó Resto do Mundo descenden en 1998.

Tal e como reflicte o **cadro 1.3.9.**, as exportacións galegas a **Francia** está domi-

nadas polo papel dos produtos do capítulo 87 da automoción. Este capítulo representa o 70,76% do total das exportacións a Francia e o 44,70% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a **Portugal**, salienta o crecemento da importancia do capítulo 03 (peixes e crustáceos...), que representa o 18,10% do total das exportacións ó país luso en 1998 fronte ó 16,96% do ano anterior. Asemade, significa o 40,07% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 en 1998.

No concernte ás exportacións ós países do **Mercosur**, que representan o 1,72% do total das exportacións galegas en 1998, a principal partida exportadora é a correspondente á automoción, que supón o 43% do total exportado a estes países.

1.3.2.- Investimento galego no estranxeiro

Segundo os expedientes de verificación/autorización de investimentos directos en empresas estranxeiras, os fluxos de investimento da comunidade galega no exterior acadaron en 1998 un importe de 22.910 millóns de pesetas, o que representou o 0,82% do total investido por España. Tal e como reflicte o **cadro 1.3.2.1.**, o importe do investimento galego no exterior incrementouse, en 1998, un 72,5% en relación ó importe do ano anterior, aínda que, en termos relativos, a súa importancia descendeu do 1,05% de 1997, ó xa mencionado 0,82% deste ano.

Sectorialmente, tal e como amosa o **cadro 1.3.2.2.**, Galicia concentra o seu investimento en tres grandes sectores: Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca; Comercio; e, Alimentación, bebidas e tabaco. Cuantitativamente, os tres

CADRO 1.3.2.1. Expedientes de verificación de investimentos directos en Galicia e España 1998: distribución segundo actividade económica

(en millóns de pesetas)

	Galicia		España		G/E
	Importe	(%)	Importe	(%)	
Agric, gan, caza, selvic. e pesca	10.297	44,95	18.570	0,66	55,45
Produc.electr.gas e auga	-	-	351.455	12,57	-
Ind. extract. e ref. petróleo	4	0,02	7.702	0,27	0,05
Alimentac., bebida e tabaco	2.999	13,09	81.252	2,90	3,69
Ind. textil e confección	189	0,82	507	0,01	37,28
Ind. papel e art. gráfic.	-	-	17.815	0,63	-
Ind. química	171	0,75	11.452	0,40	1,49
Outras manufacturas	298	1,30	87.882	3,14	0,34
Construcción	31	0,14	35.346	1,26	0,09
Comercio	1.526	6,66	65.185	2,33	2,34
Hostelería	-	-	10.781	0,38	-
Transporte e comunicación	-	-	29.949	1,07	-
Interm. fin. banca e seguro	801	3,50	352.010	12,59	0,23
Outros	6.594	28,78	1.724.304	61,70	0,38
Total	22.910	100,00	2.794.210	100,00	0,82

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

CADRO 1.3.2.2.

Expedientes de verificación de investimentos directos en empresas estranxeiras en Galicia e España 1998: distribución sectorial

(en millóns de pesetas)

	Galicia		España		G / E
	Importe	%	Importe	%	
Agric, gan, caza, selvic. e pesca	10.297	44,95	18.570	0,66	55,45
Produc.electr.gas e auga	-	-	351.455	12,57	-
Ind. extract. e ref. petróleo	4	0,02	7.702	0,27	0,05
Alimentac., bebida e tabaco	2.999	13,09	81.252	2,90	3,69
Ind. textil e confección	189	0,82	507	0,01	37,28
Ind. papel e art. gráfic.	-	-	17.815	0,63	-
Ind. química	171	0,75	11.452	0,40	1,49
Outras manufacturas	298	1,30	87.882	3,14	0,34
Construcción	31	0,14	35.346	1,26	0,09
Comercio	1.526	6,66	65.185	2,33	2,34
Hostelería	-	-	10.781	0,38	-
Transporte e comunicación	-	-	29.949	1,07	-
Interm. fin. banca e seguro	801	3,50	352.010	12,59	0,23
Outros	6.594	28,78	1.724.304	61,70	0,38
Total	22.910	100,00	2.794.210	100,00	0,82

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

CADRO 1.3.2.3. Investimentos directos das CC.AA. no estranxeiro 1998: distribución segundo áreas económicas de destino

(en millóns de pesetas)

	OCDE (1)	UE	EE.UU.	Latinoamérica	Total (2)
Andalucía	3.376	3.348	27	7.312	11.661
Aragón	26.558	26.468	20	1.313	27.882
Asturias	40	-	40	293	676
Baleares	3.883	236	-	6	9.072
Canarias	38.645	23.450	1.842	1.369	48.583
Cantabria	3.855	1.704	-	4.630	24.610
Castela e León	2.041	2.007	15	3.473	5.614
Castela-A Mancha	26	26	-	-	30
Cataluña	146.512	133.982	6.999	34.997	211.453
Comunidade Valenciana	9.721	3.922	5.231	2.099	12.224
Estremadura	1.916	1.719	197	-	1.916
Galicia	16.073	13.256	112	2.462	22.910
Madrid	510.936	387.650	54.049	1.745.343	2.298.828
Murcia	185	154	-	-	253
Navarra	2.441	2.036	199	4.512	7.476
País Vasco	69.769	35.049	108	29.170	111.021
A Rioxa	-	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-
Total	835.977	653.009	68.838	1.860.852	2.794.211

(1) inclúe UE sen España, países europeos non comunitarios e países OCDE non europeos

(2) o total inclúe ademais o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

sectores considerados representan o 64,7% do investimento total galego no estranxeiro, en tanto que eses mesmos sectores representan tan só o 5,9% do investimento español no exterior.

Especial mención merece o sector da agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, que non só é o sector máis importante no caso do investimento galego no estranxeiro, representando o 44,95% do total investido en Galicia, senón que, como amosa o **cadro 1.3.2.2.**, o investimento estranxeiro galego neste sector supón o 55,45% do investimento estranxeiro total español no sector primario.

No concernerne á **distribución xeográfica**, o **cadro 1.3.2.3.** amosa un predominio importante dos países da UE (57,86% do total), onde os Países Baixos, cun 26,81%, Portugal, cun 16,32%, e o Reino Unido, co 6,46%, son os principais

países de destino do investimento da comunidade galega. Comparado co investimento en España, esta porcentaxe representa o 23,37% do total do seu investimento. Sen embargo, é salientable a importancia do investimento en Namibia e en Australia, que acollen o 13,90% e o 11,32% do investimento galego no exterior en 1998. ■

